

Texto e ilustracións: **ANTHONY BROWNE**
Tradución: **CHEMA HERAS** e **PILAR MARTÍNEZ**

Encadernado en cartón. 28x25 cm.


32 páxinas a toda cor.

Dispoñible en:

-Gallego: "No bosque"
Tras os montes. ISBN 978-84-8464-668-6

-Portugués: "Pela floresta"
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-91-0

Prezo: 15 €



NO BOSQUE

Unha noite, espertei cun ruído atronador. Pola mañá, todo estaba en silencio. E papá non estaba na casa. Pregunteille a mamá cando volvería, pero ela parecía non sabelo. Eu botaba moito de menos o meu pai...

O protagonista da historia identifícase implicitamente con Carapuchiña Vermella: o seu pai non está na casa, a nai pídelle que lle leve un pastel á avóa enferma e, ao igual que a nena do conto clásico, debe elixir entre un camiño longo e outro curto para chegar ao seu destino.

Un relato fondamente imaxinativo para explorar a creatividade dos cativos, os seus medos e inquedanzas. Anthony Browne acompaña o lector por unha inesquecible viaxe ata as entranas dun bosque cheo de misterio onde nada é o que parece.

ANTHONY BROWNE

(Sheffield, Inglaterra, 1946)

Adquiriu a súa formación artística na Leeds Colleague of Art e especializouse en deseño gráfico. O seu afán perfeccionista pola representación da figura humana provén da influencia dun dos seus primeiros traballos, como debuxante de temas médicos nun hospital de Manchester. A súa dedicación á ilustración infantil corresponde á unha etapa posterior, como deseñador de tarxetas de felicitación.

O seu estilo tamén revela un interese polos pintores surrealistas, as escenas oníricas e a introdución de elementos estranos nas súas ilustracións. Entre os galardóns que recibiu ao longo da súa traxectoria figura a Medalla Kate Greenaway e o premio Kurt Maschler. Pero por riba de todas destaca, en 2000, o Premio Hans Christian Andersen polo conxunto da súa obra. Foi o primeiro británico en obter esta distinción, desde 1956.

É un dos autores ingleses de maior prestixio pola súa contribución á creación de novas formas de ler, ver e relacionarse coa linguaxe plástica. Así o demostran títulos como "O libro dos porcos" e "Sacapenas", publicados por KALANDRAKA en galego e portugués. Os especialistas valoran do seu traballo que crea un universo cheo de referencias culturais e artísticas, pistas visuais e claves que valoran a intelixencia do lector -independentemente da súa idade- para completar e interpretar o texto.



- **Temática:** relato de misterio e intriga
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos
- **Aplicacións:** paralelismo co conto de Carapuchiña; simbolismo das ilustracións en branco e negro, con elementos en cor; do mesmo autor e ilustrador que "O libro dos porcos" e "Sacapenas", publicados por KALANDRAKA.